



## **UDC E CESGA PRESTAN SERVIZOS ÁS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL**

**A Coruña, 18 de decembro de 2008.** A Universidade da Coruña e o CESGA prestan atención de forma virtual en función dos principios teórico-experienciais de inclusión, normalización e desenvolvemento ás persoas con diversidade funcional, en aras de conseguir un aumento da calidade de vida familiar

A Unidade Clínico Asistencial de Trastornos de Espectro Autista e Xerais do Desenvolvemento (UCATEA) da Universidade da Coruña e a Área de e-learning do CESGA están traballando na implementación dun programa de atención baixo os principios científicos de normalización, inclusión, calidade e desenvolvemento para mellorar a vida das familias e persoas algo mais diferentes, o que se coñece por diversidade funcional.

Despois de dous anos implementando os principios do programa a través dun entorno virtual deseñado ao efecto, estase poñendo en marcha a experiencia nos domicilios destas persoas. Este programa parte da adecuación ás demandas tomando como base a consideración da familia como un instrumento educativo fundamental no desenvolvemento destas persoas.

Unha vez realizado unha primeira fase de entramento e desenvolvemento do Programa de atención a través do entorno virtual (<http://diversidade.cesga.es>) deseñado polo CESGA, a UDC está a implementar o programa sobre criterios de calidade sustentados na atención á demanda e necesidades de cada caso procurando que a calidade de vida e educación supoñan a autodeterminación e vida independente futura por parte destas persoas.

Para iso estanse a crear no entorno virtual grupos de traballo integrados e liderados por familiares formados e especializados en educación familiar que participaron no programa anterior. Estas actividades permiten o aproveitamento das capacidades familiares de cada pai/nai e poñelas ao servizo das demais familias nun intercambio de experiencias positivas nas que os pais e nais perciben a compañía doutros na educación dos seus fillos/as así como desenvolven moitas das súas demandas en conxunto coa intermediación de profesionais educativos e sociais, compartindo aprendizaxes e experiencias nun ámbito de formación continuada.

Este proxecto de atención familiar permite desenvolver as habilidades educativas da familia que redunden na aprendizaxe mais óptima dos fillos e fillas permitindo establecer o primeiro paso para a vida de todos e con todos que vai repercutir nas melloras das vidas das familias implicadas.



En datas próximas está previsto abrir ao público en xeral algunhas das conclusións destas experiencias para que podan se aproveitadas polas familias que queiran en xeral.

**Para máis información** sobre o proxecto porse en contacto coa Unidade Clínicu Asistencial de Trastornos de Espectro Autista e Xerais do Desenvolvemento (UCATEA) da Universidade da Coruña [ucatea.intervencion@udc.es](mailto:ucatea.intervencion@udc.es) ou coa Área de e-learning do CESGA [e-learning@cesga.es](mailto:e-learning@cesga.es) ou visite a páxina web oficial do mesmo: <http://diversidade.cesga.es>